



## EDITORIAL GALAXIA NOVIDADES



REBECA BACEIREDO

*O suxeito posmoderno*  
*Entre a estética e o consumo*

Colección ENSAIO

EDITORIAL GALAXIA 2006, 148 páxinas

P. V. P. 11,50 € IVE incluído

978-84-8288-932-0



9 788482 889320

# O ADN DA POSMODERNIDADE

PREMIO RAMÓN PIÑEIRO DE ENSAIO 2005

Convocado por Editorial Galaxia co patrocinio de Unión Fenosa, o Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2005 foi para *O suxeito posmoderno*, de Rebeca Baceiredo. Co subtítulo de “Entre a estética e o consumo”, o libro está constituído por unha orixinal combinación de pensamento científico, fondo coñecemento dos medios de comunicación e unha exposición de grande alento especulativo e filósófico na que se aborda, desde novidosos presupostos, a encrucillada na que se encontra o ser humano contemporáneo.

A influencia dos procesos de comunicación no individuo, a primacía da virtualidade e da sociedade da imaxe, reflíctense no ensaio de Rebeca Baceiredo a través dunha serie de análises e reflexións que parten da neurobioloxía para chegar á arte. Como se dunha fita de ADN se trata, *O suxeito posmoderno* encadea e relaciona achegas de disciplinas científicas co pensamento filósófico para pescudar a orixe da **peculiaridade posmoderna**. Desde unha **perspectiva múltiple**, a autora propón a diagnose dalgúns dos temas que forman parte do debate actual, entre eles o efecto dos medios de comunicación na percepción que o individuo ten da realidade.

Con esta orixinal combinación de enfoques, *O suxeito posmoderno* consegue abordar desde Galicia cuestións relacionadas coa sociedade contemporánea mundial. Unha **nova autora** que vencella o **pensamento crítico** galego coa sensibilidade e xeito de concibir o mundo das últimas xeracións, un percorrido pola primacía da virtualidade, pola sociedade da imaxe que absorve e rexe o mundo dirixíndoo e preparándoo para o consumo. Unha proposta que abre camiños, que revela as estrías sociais que latexan na realidade actual, os roteiros de emancipación aínda factibles hoxe en día.

**REBECA BACEIREDO** (Ourense, 1979) é licenciada en Ciencias da Comunicación pola Universidade de Santiago de Compostela e realizou estudos de doutoramento en Filosofía na mesma universidade. Está vencellada a experiencias de fotografía e video-creación en danza contemporánea coma *A lúa na auga* e *Haiku en movemento?*, co colectivo Vilán, e *Improvisacións*, con Branca Novoneyra.

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Reconquista, 1. 36201Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.es